



**PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O
CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DA
AMPLIACIÓN DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE BALAIÓDOS**

DOCUMENTO CONTRACTUAL

Nº. Documento: **CNV/20/0002**

Nº. Expediente: CCN/20/0004

Vigo, 8 de xullo de 2020

CONSORCIO ZONA FRANCA DE VIGO

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, Alcalde-Presidente do Concello de Vigo, en nome e representación do Excmo. Concello de Vigo, acorde co artigo 124.4.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra, D. David Regades Fernández, Delegado Especial do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo, cargo para o que foi nomeado por Real Decreto 837/2018, de 6 de xullo

Interveñen en razón dos cargos que ambos desempeñan e representan ás respectivas entidades, en nome das que actúan con plena capacidade e lexitimación.

EXPOÑEN

I. O Concello de Vigo, para a xestión dos seus intereses, pode promover cantas actividades contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, e entre estas, ten especial consideración a obtención e creación de solo industrial mediante o desenvolvemento urbanístico, ó obxecto de posibilitar ás empresas asentamentos axeitados que posibiliten a creación de riqueza e, en consecuencia, a creación de postos de traballo.

II. Pola súa banda, o Consorcio da Zona Franca de Vigo é unha entidade de dereito público, creada por Decreto de 20 de xuño de 1947, cuxo obxecto, segundo figura no seu Estatuto Fundacional (aprobadado por Orde do Ministerio de Facenda de 24 de xullo de 1951 e modificado por Orde de 11 de maio de 1998) é, ademais da xestión e explotación da Zona Franca, a contribución ó desenvolvemento e dinamización económica e social da súa área de influencia.



III. Dun tempo a este parte, un dos sectores produtivos máis importante da Cidade de Vigo (e mais da súa área de influencia), como é o da automoción, veñen expoñendo ós representantes do Concello e do Consorcio a necesidade de dispor de solo debidamente urbanizado de cara ó mantemento e, como non, á consolidación do sector. Na práctica, as súas inxerencias maniféstanse polo empuxe da produción noutras zonas do mundo, o cal pode provocar a perda da competitividade da automoción viguesa, tan importante na economía local.

IV. Para que este sector poida competir en situación de igualdade, necesita, entre outras cousas, dispor de instalacións apropiadas (en cantidade e calidade) para o desenvolvemento do seu proceso produtivo, algo que xa se preveu no seu momento no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, aprobado definitivamente por Ordes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes do 16 de maio de 2008 e 13 de xullo de 2009.

Entre outras actuacións, neste Plan Xeral contemplábase a inclusión dentro do solo urbanizable do Sector S-33-I, colindante co actual Polígono Industrial de Balaídos.

Este Sector, de 239.926 m², contaba, a grandes trazos, coa seguinte regulación:

- a) Obxecto: ampliación do Polígono Industrial de Balaídos.
- b) Iniciativa da formulación do planeamento: pública
- c) Superficie edificable de 179.945 m².



2

d) Usos:

- Industrial, cun mínimo do 60% e un máximo do 90% da edificabilidade total.
- Terciario xeral, cun máximo do 40% da edificabilidade total.
- Terciario Hoteleiro, cun máximo do 20% da edificabilidade total do sector.

V. No marco das condicións fixadas no Plan Xeral, as partes intervinientes neste acto subscribiron, o 27 de febreiro de 2015, un Convenio de Colaboración no que se fixaban as bases sobre as que asentar o compromiso e a implicación das dúas institucións para o desenvolvemento urbanístico da ampliación do Polígono Industrial de Balaídos.

VI. O Tribunal Supremo, Sala Terceira, do Contencioso-administrativo, Sección 5ª, en Sentenza do 10 de novembro de 2015 (recurso 1658/2014) declarou a nulidade das Ordes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte da Xunta de Galicia, de datas 16 de maio de 2008 (pola que se aproba definitiva e parcialmente o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo) e 13 de xullo de 2009 (pola que se aproba definitivamente o resto do documento).

No caso que nos ocupa, esta Sentencia tivo un dobre efecto: por unha banda, deixou sen validez o contido do Convenio identificado no antecedente V desde documento, pois este estaba amparado no PXOM vixente no momento da súa formalización; por outra, conlevou a imposibilidade de acometer a ampliación de Balaídos nos termos necesarios, pois tras a mencionada Sentenza retomou a súa vixencia o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo de 1993, e baixo as condicións deste último non resulta posible executar a ampliación nos termos que se precisan.



VII. Notificada dita sentenza anulatoria , o Concello de Vigo adoptou todas as medidas ao seu alcance para paliar, na medida do posible, os efectos da sentenza que declarou a nulidade de PXOM por causas non imputables ao Concello. Entre estes, o Pleno do Concello, en sesión extraordinaria do día 24 de xullo de 2019, aprobou a Ordenación Provisional (OP) ao amparo do disposto no artigo 88 da Lei 2/2017, de 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación e comezou a redacción da Revisión do PXOM para a súa entrada en vigor nos prazos legalmente establecidos para a vixencia da OP. O Documento Inicial Estratéxico e o Borrador do PXOM se atopan remitidos á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia para a súa tramitación ambiental previa a súa aprobación inicial.

VIII. Neste contexto, e tal e como se adiantou nos Expositivos II e III, o sector da automoción, incluíndo ás empresas auxiliares, está a demandar a necesidade de solo debidamente urbanizado de cara ó mantemento e á consolidación do sector na área de Vigo.

A urxencia desta necesidade, compartida polas institucións que aquí comparecen, faise máis evidente se temos en conta a imperiosa necesidade de dispor de espazos suficientes para adaptar os seus procesos produtivos ás rapidísimas evolucións ás que están sometidos (coche eléctrico, conectado e compartido). De non ser así, corremos o risco da perda da súa competitividade na área de Vigo, cos enormes perxuizos que elo suporía.

E a isto, como non, temos que engadir o drama que está a supor a situación que vivimos co COVID-19, o cal podería verse magnificado na área de Vigo, dende o punto de vista socioeconómico, se o sector da automoción da súa área non é capaz recuperarse e seguir a vangarda a nivel mundial.

Por elo, ambas partes entenden imprescindible estudar tódalas vías de actuación contempladas na lexislación vixente (e en tramitación) para que no



menor prazo posible poida materializarse a necesaria ampliación do polígono industrial de Balaídos.

IX. Así pois, ámbalas dúas partes, conscientes da importancia de dita actuación no artellamento do sistema produtivo da área urbana de Vigo e a súa zona de influencia, da complexidade que leva aparellada a súa xestión, e da magnitude dos recursos previstos para a súa consecución, consideran que resulta necesaria a súa implicación no desenvolvemento da ampliación do Polígono Industrial de Balaídos, no termo municipal de Vigo.

En virtude de todo o anteriormente exposto, as partes intervenientes acordan formalizar o presente documento, o cal levarase a efecto con suxeición ás seguintes

ESTIPULACIÓNS


PRIMEIRA.- Obxecto

O obxecto do presente Protocolo é o establecemento das bases sobre as que asentar a colaboración das dúas institucións asinantes para o desenvolvemento da ampliación do Polígono Industrial de Balaídos.

SEGUNDA.- Creación dun grupo de traballo

De cara a consecución dos obxectivos previstos, as partes acordan a constitución dun grupo de traballo paritario que decida, no prazo máximo dun mes, e previas consultas ás administracións con competencias, o procedemento a seguir para a ampliación do Polígono Industrial de Balaídos.

O grupo de traballo estará integrado polas persoas designadas, aos efectos, polo Excmo. Concello de Vigo e polo Consorcio da Zona Franca.





Este grupo de traballo rexeráse polas normas de funcionamento que as propias partes acorden na súa sesión constitutiva.

As convocatorias das sesións poderán facerse por calquera medio que deixe constancia da súa recepción, debendo respectarse unha antelación mínima de dous días hábiles. De constarse por escrito a imposibilidade de quorum para a reunión convocada, as partes deberán poñerse de acordo para o establecemento doutra sesión dentro dos dous días hábiles seguintes a proposta inicial.

TERCEIRA.- Formalización dun Convenio

Unha vez se determine o procedemento a seguir para o desenvolvemento desta actuación, as partes formalizarán un Convenio de colaboración no que se determinen os compromisos concretos de cada unha das partes.

A estes efectos, as partes elevarán ós órganos que internamente procedan as conclusións acadadas no grupo de traballo, de cara a súa ratificación. Esta elevación de asuntos deberá facerse na sesión inmediatamente posterior que, por razóns de preparatoria, fose posible.

De ser ratificados os acordos polos órganos competentes de ambas partes, estas comprométense a formalizar o mencionado Convenio específico a maior brevidade.

Este Convenio incorporará as previsións necesarias para garantir a viabilidade desta actuación, entre as que estarán que o documento no se que se plasmen as condicións urbanísticas do desenvolvemento.

A delimitación final desta actuación deberá contar co visto bo do Concello no que se refire á colindancia do ámbito en relación co denominado "Vial de Ronda" que actualmente se incorpora no Plan Xeral en redacción.

Os costes do desenvolvemento serán asumidos integramente polo Consorcio. En compensación, atribuirase ó Consorcio da Zona Franca de Vigo a totalidade do aproveitamento urbanístico lucrativo que se lle outorgue a esta actuación no documento que finalmente se utilice para o seu desenvolvemento.

En todo caso, e salvo xusta causa, será obriga do Consorcio da Zona Franca o desenvolvemento e a execución da ampliación do Polígono Industrial de Balaídos para uso industrial, asumindo a redacción e execución de cantos documentos e obras fosen necesarios para levar a cabo a ampliación prevista. Será igualmente a redacción dos correspondentes proxectos de urbanización e expropiación.


Pola súa banda, será obriga do Concello a tramitación, coa maior celeridade posible, de todos os documentos que fosen de tramitación municipal. No caso concreto do expediente de expropiación, O Consorcio prestaralle á Corporación Municipal a colaboración necesaria tanto na tramitación do expediente como na execución da expropiación e, na súa condición de beneficiario, pagará directamente tanto os prezos xustos como as indemnizacións e demais gastos derivados dos expedientes de expropiación.

Todas estas cuestións deberán incorporarse no Convenio que asinen ambas partes para o desenvolvemento da actuación.

CUARTA.- Duración do protocolo

O presente Protocolo entrará en vigor, a todos os efectos, desde o día da súa formalización e estará vixente ata que se cumpra o seu cometido, en particular, até que se formalice o definitivo Convenio entre ambas partes.

Establécese o prazo de seis meses como máximo para a formalización de dito Convenio, transcorrido o cal as partes poderán prorrogalo por un prazo



similar ou inferior ó orixina ou, en todo caso, dalo por resolto.

QUINTA.-Modificación

O presente Protocolo só pode modificarse por acordo expreso das partes durante a súa vixencia ou das sucesivas prórrogas.

Calquera modificación formalizarase mediante a correspondente adenda.

SEXTA.- Comisión de Seguimento

Para a vixilancia e control da execución deste Protocolo establécese unha comisión de seguimento do mesmo formada polos membros identificados na Estipulación Segunda.


Esta comisión resolverá calquera problema de interpretación ou cumprimento que puidese exporse. As normas de funcionamento da devandita comisión rexeranse pola normativa reguladora do réxime de órganos colexiados das Administracións Públicas.

SÉTIMA.- Causas de resolución

Son causas de resolución do Protocolo:

- a) O transcurso do prazo de vixencia ou, no seu caso, a prórroga acordada expresamente
- b) O mutuo acordo.
- c) O incumprimento das obrigacións esenciais asumidas neste Protocolo.

Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que cumpra no prazo de 30 días naturais a obrigación incumprida. Se transcorrido o



prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra a concorrencia da causa de resolución e poderase entender resolvido o Protocolo.

f) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista noutras leis.

OITAVA.- Natureza e Xurisdición

O presente Protocolo ten natureza administrativa quedando sometido ao réxime xurídico de convenios previsto no Capítulo VI Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

As controversias sobre a interpretación e execución do presente Protocolo serán resoltas no seo da comisión de seguimento. No caso de que non fose posible, a orde xurisdicional contenciosa-administrativo será o competente para resolver as cuestións litixiosas que puidesen suscitarse entre as partes, de conformidade co disposto nos artigos 1 e 2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

E, en proba de conformidade, asinan o presente Protocolo, por duplicado exemplar, no lugar e data sinalados no encabezamento.

Polo Consorcio da Zona Franca de Vigo
O Delegado Especial do Estado



D. David Regades Fernández

Polo Concello de Vigo
O Alcalde-Presidente



D. Abel Caballero Álvarez